

EXAME TIPO

As cuestións que se puntuaran da seguinte forma: ben contestada 0,4 puntos; en branco 0 puntos; mal contestada: -0,2

1. Pon un exemplo de recurso

Renovable _____
Potencialmente renovable _____
Non renovable _____

2. ¿Que se entende por poboación?

Todas as plantas e animais dunha localidade
 Todos os membros da mesma especie presentes nunha localidade
 O número de especies diferentes dunha localidade

3. A segunda lei da termodinámica sostén que, cando a enerxía cambia dunha forma a outra, esta se degrada a unha enerxía de menor calidade. Explica como actúa nas redes tróficas.

4. “Un exceso ou defecto de calquera factor abiótico pode limitar ou impedir o crecemento dunha poboación, incluso se todos os demais factores están dentro ou cerca da banda óptima de tolerancia” coñécese como

Lei da tolerancia
 Primeira lei da termodinámica
 Principio do factor limitador

5. Diferenza entre produtividade primaria bruta e P. P. neta

6. A biodiversidade comprende:

—
—
—

7. ¿Que se entende por capacidade de carga dunha poboación nunha localidade?

8. Esquema do ciclo bioxeoquímico do nitróxeno

9. Indica (tacha as incorrectas) das seguintes características cales pertencen a ecosistema maduro dentro da sucesión ecolóxica:

Eficacia no reciclado de nutrientes	Baixa	Alta
Diversidade de especies	Alta	Baixa
Redes alimentarias	Sixelas	Complexas
Talla media dos organismos	Pequena	Grande

10. Debuxa a estrutura de idade dunha poboación en rápido crecemento e doutra avellada.

11. Ordena segundo consumo decrecente de enerxía (unidades por Km e pasaxeiro) os seguintes tipos de transporte:

Aviación___Autobús interurbano___Motocicleta___Automóbil___Ferrocarril___

12. Lista os aspectos que caracterizan unha xestión viable dos bosques

13. Unha especie é propensa á extinción (tacha o incorrecto):

Se a súa taxa de reprodución é baixa ou alta

Se é especialista ou xeral

Se a súa distribución é ampla ou reducida

Se pertence a un nivel trófico superior ou inferior

Se é comercialmente valiosa ou non valiosa

14. Indica que se considera máis prexudicial para as pesqueiras mariñas:

Sobrepesca

As mareas negras

O cambio climático

15. O pesticida ideal é aquel que (si/non):

Presenta un amplo espectro de acción

Degrádase lentamente

Causa resistencia xenética soamente nas pragas que combate

16. O pH da auga de chuvia en equilibrio cos gases atmosféricos é: 3,2 5,6 7 8,2

17. Na prevención da contaminación ¿que estratexia che parece máis axeitada? Razona a resposta:

pau (multas, impostos, regras) cenoria (incentivos, subvencións, exención fiscal)

ambas ningunha

18. ¿Cal é o principal gas invernadoiro atmosférico?

Nitróxeno

Dióxido de carbono

Metano

19. Lista os métodos preventivos e de limpeza para enlenteecer o posible quecemento terrestre:

20. Moitos dos grandes transvases realizados ilustran o principio ecolóxico: *non podes facer só unha cousa*. Lista as vantaxes e inconvenientes de subministrar auga por transvase dunha cunca a outra.

21. ¿Sobre que informa a demanda biolóxica de oxíxeno?

22. Unha masa de auga eutrofizada caracterízase por (si/non):

redución da biomasa de algas

redución da diversidade biolóxica

aumento da transparencia da auga

aumento da dispoñibilidade de osíxeno en profundidade

redución da produción de metano e sulfuro de hidróxeno

23. ¿Por que custa máis un quilogramo de carne ca un de arroz?

24. O sistema económico actual: *non incentiva o que máis queremos (empregos e ingresos); incentiva o que menos queremos (contaminación e esgotamento de recursos) e conduce a enormes gastos de capital natural e humano*. Por iso se debería:

Gravar menos: _____

Gravar máis _____

25. O biólogo G. Hardin chamou *traxedia dos comúns* á degradación dos recursos de propiedade comunal que actúa baixo o razoamento: “*se eu non utilizo estes recursos, outro*

o fará. O pouco que eu utilizo ou contamina non é o bastante como para que importe, e tales recursos son renovables". ¿Que solucións ao problema coñeces?